



CONCELLO DE PONTECESO  
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU2000/15

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Horario de celebración das sesións da Xunta de Goberno Local

### ANTECEDENTES

- 1 Na Resolución núm. 555/2023 do 3 de xullo de 2023 acordei nomear os membros da Xunta de Goberno Local.
- 2 Nesa mesma resolución acordei que a Xunta de Goberno Local celebren sesión ordinaria unha vez cada quince días, o primeiro e o terceiro mércores de cada mes, ás 09:30 h, no salón de sesións da Casa do Concello.
- 3 Por motivos organizativos é preciso modificar a hora de celebración das sesións da Xunta de Goberno Local.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Artigos 4.1a) e 20.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e demais lexislación concordante.
- Artigo 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Artigos 26 a 28 do Regulamento orgánico municipal

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Polo anterior, RESOLVO:

- 1 Modificar a hora da celebración das sesións da Xunta de Goberno Local, que pasa a ser ás 11:30 h. Non obstante, poderei convocar a sesión á hora que estime adecuada se as circunstancias o aconsellan.
- 2 Notificarlles esta resolución ás concelleiras e aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local.
- 3 Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

\* Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.